

## **O escritor e xornalista Ramón Vilar gaña o VII Premio de Xornalismo Manuel Lueiro Rei co artigo "A veciña do segundo"**

Fornelos de Montes, 14 de xuño de 2024.- O escritor e xornalista, Ramón Vilar, resultou ser o gañador do VII Premio de Xornalismo Manuel Lueiro Rey cun artigo no que a través da tenrura e humor propón unha reflexión sobre o valor das persoas maiores na nosa sociedade. "A veciña do segundo" impúxose entre os textos presentados acadando a unanimidade do xurado.

Un xurado composto polo xornalista Ramón Rozas, o escritor Ramón Nicolás, a xornalista Carme Vidal e a coordinadora do premio, Carme Carreiro, escolleu por unanimidade o artigo de Ramón Vilar entre os presentados á sétima edición do premio por "transmitir, desde a emoción e a homenaxe, a relevancia que as persoas maiores teñen na comunidade, e o moito que poden achegar ás xeracións máis novas, en primeiro lugar, o seu cariño e xenerosidade".

Ramón Vilar explora o tema "desde o cotián, desde os sentimentos, reparando en persoas que están ao noso arredor e, moitas veces, pasan case inadvertidas, mais elas están atentas e coidan a quen ten a sorte de convivir con elas". O autor fai un exercicio de recoñecemento, de homenaxe a unha muller coa que cadra no fin da súa vida mais que fica na memoria tempo despois da súa morte. O artigo fai así protagonista a unha muller de máis de noventa anos, coa que a voz que relata non ten relación familiar, mais que deixa pegada imborrábel na súa vida e a dos seus.

"Os vellos e as vellas son, moitas veces, grandes esquecidas no noso tempo. Están pero, moitas veces, non se lles escoita, as decisións importantes xa non recaen neles e pasan a ocupar un papel secundario que é, sen dúbida, inxusto. O artigo de Ramón Vilar dálle unha volta a esta situación, pon no centro esa veciña que tanto achega, que ofrece o mellor que ten, as leccións de vida que ficarán para sempre", destaca o xurado que valorou tamén que "un premio que ten como obxectivo premiar artigos de carácter social repare nun tema do que apenas se fala se non é como problema... Vilar fainos pensar desde outro punto de vista, desde o recoñecemento do tesouro que son as persoas maiores e convídanos a aproveitalo e recoñecelo".

## **O autor**

RAMÓN VILAR LANDEIRA (Rodís, Cerceda, 1973), licenciado en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela, leva a maior parte da súa vida laboral vinculado ao mundo do xornalismo. Traballou como redactor en La Voz de Galicia e Faro de Vigo e dirixiu o diario dixital Vieiros. Coordinou proxectos relacionados coa comunicación, a cultura e o mundo educativo. Publicou o libro de relatos Os televisores estrábicos (Xerais 2014) e Un peixe no parque (Xerais 2019). Obtivo diferentes galardóns literarios e xornalísticos, entre eles o Premio a artigos xornalísticos normalizadores do Concello de Carballo ou o Premio de Xornalismo Reimóndez Portela do Concello da Estrada. Na actualidade traballa como docente de Lingua e Literatura no IES Pastoriza (Arteixo)

## **Entrega do premio**

O VII Premio de Xornalismo Lueiro Rei entregarase o vindeiro día 23 de xuño ás 12 horas nun acto que terá lugar no Multiusos de Fornelos de Montes que contará coa intervención musical de Crúas.

